

Clube Marítimo
Deportivo e Cultural


BREOGAN

O GROVE • Nº 22- 3º TRIMESTRE 2011

EDITA: C.M.D.C. BREOGÁN

Apdo. Correos nº 86 - Telf./Fax. 986 73 32 93

e-mail: clubbreogan@telefonica.net

www.clubbreogan.org

Xadrez e música

Actividade ADM

Actividade verán

Travesía da Toxa

Padexeiros concentrados

**Resultados autonómicos,
nacionais e internacionais**

**Plan de Patrocinio de Equipos
de Elite de Galicia**



**DEPORTE
GALEGO**

galicia

Resumo do boletín nº22

Un novo número do Boletín Informativo do CMDC Breogán chega as túas mans, despois de que, por diferentes motivos e circunstancias, non saíra o correspondente ao segundo trimestre do presente ano.

Agora, subsanados eses problemas, puidemos saír con este número 22 no que, con algo de retraso, facemos un repaso ao que foi a VIII Travesía da Toxa-XXV Trofeo Concello do Grove de Piragüismo.

Falamos do reinicio das clases da Escola de Música e da Escola de Xadrez, comentamos as actividades organizadas xunto coa Asociación do Deporte Meco (ADM).

Damos conta dunha pequena “festa” realizada con motivo do remate das actividades de verán dos equipos de piragüismo. Damos conta da posta á venda da Lotería de Nadal (este ano pode ser o bo).

Como remate da tempada de piragüismo, aportamos ás clasificacións das distintas competicións e modalidades nas que participamos neste 2011, tanto a nivel autonómico, nacional, como internacional. Tamén gardamos un espazo para os deportistas que están becados ou concentrados de cara á vindeira temporada.

Por outra banda tamén incluimos que, recentemente, dende



a Fundación Deporte Galego, nos informaron de que, un ano máis, o noso equipo absoluto de pira-

güismo entra dentro do Plan de Patrocinio de Equipos de Elite de Galicia.



Concello do Grove

CONCELLERÍA DE SEGURIDADE CIDADÁ
E EMERXENCIAS, DEPORTES, XUVENTUDE,
MEDIO AMBIENTE E LIMPEZA



Música e xadrez

Chegado o outono, tralo inicio do curso escolar, retómanse as actividades da Escola de Música e da Escola de Xadrez.

O inicio de outubro marcou o reinicio das clases da Escola de Música, no local social, sito na rúa Luis A. Mestre. Na Escola, os alumn@s inicianse no mundo da música, aprenden solfeo, comezan a tocar diversos instrumentos e logo van aumentando os seus coñecementos pouco a pouco.

Na Escola de Música Breo-
gán están abertos a calquera demanda que se propoña, sempre e cando haxa dispoñibilidade de alumnos. De feito, os alumnos participan en coros, en compar-

sas do entroido, etc.

A Escola de Xadrez remonta a súa actividade a mediados de outubro, tendo como lugar de celebración das clases o Pavillón de Deportes Náuticos, ó igual que o pasado ano.

Os responsables da Escola de Xadrez agardan que se repita o éxito de asistencia do pasado ano entre os cativos, de feito dende hai algún tempo varias persoas viñan preguntando polo inicio das clases.

E os dous equipos de xadrez, continuarán competindo, cada un na súa categoría; estando previsto que se inicie a tempada galega deste deporte no mes de xaneiro.



ADM

A Asociación do Deporte Meco, da que formamos parte oito clubs deportivos do Grove, continúa coa súa actividade, mantendo reunións coas administracións, facendo o seguimento dos trámites para a consecución do novo Pavillón de Deportes, etc. Entre as actividades programadas a celebrar próximamente nas que estará presente a ADM, están: a Carreira Popular Festa do Marisco e a Festa da Bicicleta.

A XII Carreira Popular Festa do Marisco-VII Encontro Galaico-Portugués celebrouse o 25 de setembro, estando organizada pola Concellería de Deportes en colaboración coa ADM. A proba xa ten un lugar entre as probas tradicionais do calendario do atletismo galego e, esta edición voltou a ser un éxito de participación, contando coa colaboración do bo tempo. O recorrido desta competición foi o mesmo do pasado ano,



no que se inclúe o paso polo Monte Central, percorrido que gustou moito entre os deportistas participantes. Por outra banda, a Concellería de Deportes solicitou ante a Deputación Provincial a organización do Día da Bicicleta, estando na organización a

A.V.V. As Besadas e a ADM; na que será a terceira edición da Festa da Bicicleta.

Este evento terá lugar a finais de outubro, agardando que a participación volte a ser un éxito como en anos anteriores.

Lotería de Nadal

Como é habitual, dende os meses do verán xa está á venda a Lotería de Nadal que xoga a nosa entidade, nesta ocasión o número que nos pode traer a sorte é o 97.073.

As persoas interesadas en comprar a nosa lotería, xa a ten á venda nos seguintes establecementos colaboradores: Peirao, Niza, Travesía, O Arco, Fous, P. Moncho, A Traiña, Casa Abel, Viana, Pata Negra,

B e l o -
mar, 110
Sport, Ar-



tesa, O Telar, Manos, Churrería, Cruceiro, Muxica, Airiños do Mar, etc.



Deputación Pontevedra

Fin da actividade de verán

A principio de setembro, coincidindo coa celebración da última regata para categorías de promoción (infantís, alevíns e benxamíns) e o pronto inicio do curso escolar. Organizamos un día de “celebración” do remate das actividades de verán da Escola de Piragüismo.

Tendo previsto facer unha regata entre os nosos deportistas destas categorías, o día non acompañou moito, levantándose un pouco de vento, polo que esta regata fíxose en kaiucos (embarcacións de paseo e máis estables que as de competicións) na que participaron todolos rapaces e rapazas que acudiron.

Ó seu remate organizamos unha churrascada para todos os compoñentes do equipo, tanto pequenos, como maiores; despois da mesma fixéronse entrega de



trofeos e medallas para os participantes na regata da tarde, como

recordo da súa actividade en piragüismo no verán de 2011.

Padexeiros concentrados

Sete palistas do CMDC Breogán están becados ou concentrados de cara á tempada 2012.

No Núcleo de Adestramento Introdución ao Alto Rendemento do Programa Nacional de Tecnificación Deportiva-CGTD Pontevedra, estarán concentrados os canoistas Sub 23: Cristian Ribadomar e Jacobo Domínguez. Mentres, no Núcleo de Adestramento Introdución ao Alto Rendemento do Programa Nacional de Tecnificación Deportiva-Residencia Blume Madrid, fará o seu adestramento o kaiakista Sub 23, Alvaro Bravo.

No Centro Galego de Tecnificación Deportiva en Pontevedra, cursarán estudos e adestrarán, catro dos nosos deportistas: as mulleres kaiakistas Tania Alvarez, xunto coas irmás Natalia e Laura Garcia Naveiro. Por outra parte, en canto aos rapaces, tamén está becado outro irmán Garcia Naveiro, neste caso trátase de Manuel, canoista de categoría xuvenil.

Nun principio tamén estivo na lista de convocados, o kaiakista cadete, Manuel Vieira, pero renunciou a súa praza no centro.



”la Caixa”



VIII Travesía da Toxa

A VIII Travesía da Toxa-XXV Trofeo Concello do Grove, disputouse o día 23 de abril, sendo puntuable para a Copa Galega de Rios e Travesías e, para a Liga Xunta de Galicia.

Nesta ocasión a participación rondou os 400 deportistas en representación de 34 clubs de toda Galicia, nunha regata que no seu inicio gozou de bo tempo, pero co transcurrir das regatas foi entrando o vento norte que se convertiu en protagonista, obrigando a cambiar o percorrido e duración das regatas dos seniors.

O K-2 home senior foi ga-

ñado por Rubén Millán e Roberto Rodríguez do Kayak Tudense, que ademais dos galardóns habituais leváronse un fin de semana (cada un) no GRAN HOTEL DE LA TOJA.

O primeiro posto do K-2 muller senior foi para Leticia Piña e Valeria Romero, do Kayak Tudense, que se levaron un fin de semana no HOTEL LOUXO LA TOJA.

Mentras que no C-2 senior, impuxéronse os campións do Mundo de Maratón, Ramón Ferro e Oscar Graña, agora enrolados no Kayak Tudense, que se levaron



unha fin de semana no HOTEL BALNEARIO HESPERIA ISLA DE LA TOJA.

Ademais das medallas correspondentes, os deportistas que acadaron a primeira posición en todas as categorías e modalidades participantes, levaron un regalo dun lote de produtos de TIEN-

Restaurante - Taberna
A TRAIÑA



DAS MANANTIALES DE LA TOJA.

E os deportistas que remaron na segunda posición, levaron un lote de produtos de CONSERVAS ISABEL.

Entre os nosos deportistas, destacar a clasificacións de: Laura Garcia e Sara Bravo, primeiras en K-2 muller cadete; Manuel Garcia e Bryan Fernandez, segundos en C-2 cadete; Natalia Garcia e Tania Alvarez, terceiras en K-2 muller xuvenil; Rut Otero e Maria Rojo, terceiras en K-2 muller senior, Sami Grigore e Alejo Fil-



gueira, segundos en C-2 senior ou o cuarto posto de Carlos Alvarez e Manuel Vieira en K-2 home cadete.

A nivel de equipos, o primeiro posto foi para As Torres de Catoira, segundo o Kayak Tudense e terceiro (cos mesmos puntos que o segundo) o Breogán do Grove.



Todos os deportistas participantes na regata recibiron unha bolsa de aprovisionamento grazas á colaboración de: Restaurante Traña, Panadería San Antonio

(Meaño), Damalin, Disgobe e Martín Códax. Asimesmo, queremos destacar a colaboración proporcionada neste evento por Protección Civil e Policía Local.



Segem



GESTIÓN INTEGRAL
DE PLAYAS Y LITORAL

XXIV LIGA XUNTA DE GALICIA		
POSTO	CLUB	PUNTOS
1	Escuela Piragüismo Ciudad Pontevedra	991
2	Kayak Tudense	991
3	As Torres Romaría Vikinga	981
4	Náutico Firrete	979
5	C. M. Ría de Aldán-Hnos. Gandón	961
6	BREOGÁN DO GROVE	958
7	Piragüismo Verducido-Pontillón	938
8	Náutico Pontecesures	909



COMPETICIÓN AUTONÓMICA



2011

XVI COPA GALEGA DE RÍOS E TRAVESIAS		
POSTO	CLUB	PUNTOS
1	Escuela Piragüismo Ciudad Pontevedra	556
2	As Torres Romaría Vikinga	537
3	C.M. Ría de Aldán-Hnos. Gandón	521
4	Piragüismo Verducido-Pontillón	518
5	Kayak Tudense	510
6	BREOGÁN DO GROVE	499
7	C.N. Rodeira de Cangas	499
8	Piragüismo Illa de Arousa	480

POSTO	
1	P
2	N
3	C
4	E
5	P
6	B
7	P
8	N

ELESMA
INSTALACIONES

Luis A. Mestre, 76bx. 36980 O Grove
Telf. 986 730 958 Fax. 986 733 960


www.elesma.com



XVI COPA GALEGA DE PISTA		
POSTO	CLUB	PUNTOS
1	Kayak Tudense	348
2	As Torres Romaría Vikinga	344
3	BREOGÁN DO GROVE	328
4	Náutico Firrete	322
5	C.M. Ría de Aldán-Hnos Gandón	316
6	Escuela Piragüismo Ciudad Pontevedra	315

XVI COPA GALEGA DE PROMOCIÓN		
POSTO	CLUB	PUNTOS
1	Náutico Firrete	350
2	Náutico Pontecesures	342
3	Escuela Piragüismo Poio-Pescamar	336
4	Escuela Piragüismo Ciudad de Pontevedra	334
5	C.M. Ría de Aldán- Hnos. Gandón	325
6	Piragüismo Verducido-Pontillón	317
7	BREOGÁN DO GROVE	315
8	Kayak Tudense	315

X COPA GALEGA DE VETERANOS		
O	CLUB	PUNTO
	Piragüismo Vilaboa	210
	Naval de Pontevedra	206
	C.M. Ría de Aldán- Hnos. Gandón	199
	Escuela Piragüismo Ciudad de Pontevedra	195
	Piragüismo Aldán	194
	BREOGÁN DO GROVE	189
	Piragüismo Tambo de Marín	184
	Náutico Firrete	177



HABITAT

Decoración



Plan de patrocinio de equipos elite

Vimos de recibir da Fundación Deporte Galego a confirmación e a documentación que debemos presentar para asinar dentro do “Plan de Patrocinio Publicitario dos Equipos de Alta Competición de Galicia, tempada 2010-2011. GRUPO 2”.

a pasada tempada iniciouse este tipo de patrocinio publicitario dende a Fundación Deporte Galego, en colaboración co Xacobeo 2010; agora o patrocinio será co novo anagrama “Galicia”.

Esta iniciativa está dirixida aos clubs ga-

legos máis destacados nas distintas modalidades deportivas, establecéndose a modalidade de piragüismo dentro do “Grupo 2” destes patrocinios. No noso deporte, ao igual que a temporada pasada, tres son os clubs que entramos neste Plan en base os resultados obtidos: Breogán do Grove, Kayak Tudense e As Torres de Catoira.

Debido aos recortes que se están a producir en todos os estamentos, este Plan tamén sofre recortes, polo que a cantidade que imos a recibir será sensiblemente inferior á da pasada temporada.



MAPFRE
O GROVE

COMPETICIÓN NACIONAL

2011

X LIGA NACIONAL DE PISTA OLÍMPICA "DIVISIÓN DE HONOR"

POSTO	CLUB	PUNTOS
1	Kayak Tudense	432
2	Náutico Sevilla	423
3	As Torres-Romería Vikinga	422
4	R.C.N. Palma-La Caixa	415
5	Escuela Piragüismo Aranjuez	401
6	Náutico Firrete	399
7	BREOGÁN DO GROVE	390
8	Piraguamadrid	390

X LIGA NACIONAL DE XOVENES PROMESAS

POSTO	CLUB	PUNTOS
1	Escuela Piragüismo Aranjuez	440
2	Náutico Sevilla	418
3	Natación Banyolas	403
4	Piragüismo Verducido-Pontillón	402
5	Piraguas Villaviciosa-El Gaitero	396
6	Náutico Pontecesures	383
7	As Torres Romería Vikinga	374
8	Escuela Piragüismo Ciudad de Pontevedra	374
9	Piragüismo Badajoz -Delta Cafes	370
10	R.C.N. Palma-La Caixa	368
11	A. Deportiva Pinatarense-Grupo Caliche	366
12	R.C.N. Port de Pollenca	365
13	BREOGÁN DO GROVE	365



 Especialistas en
Seguros de Defensa Jurídica

Allianz 

Asesoría Fiscal e Contable •

Asesoría Laboral •

Sociedades •

Administración de Fincas •

Mediador de Seguros Colexiado •

Especialista en Seguros de Vida •

Aforro e Inversión

O Corgo, 59 bajo - Telf/Fax. 986 73 31 25 - 36980 O GROVE Pontevedra




Resultados internacionais

O ano 2011 non foi diferente aos anteriores e o Breogán contou de novo con deportistas competindo a nivel internacional, dentro da selección española. O Campionato de Europa Xuvenil e Sub 23, celebrouse en Zagreb (Croacia) e alí estiveron presentes tres palistas mecos na categoría Sub 23: Cristian Ribademar, Jacobo Domínguez e Alvaro Bravo.

Cristian Ribademar, participou na C-2 nos 1.000 m. (distancia olímpica), onde se meteu na final, acadando un oitavo posto. Jacobo Domínguez, formou parte do C-2 200 m., onde acadou unha magnífica cuarta posición, preto das medallas. Tanto Cristian, como Jacobo, formaron parte do C-4 español, sobre os 1.000 m., que quedou moi preto da medalla de bronce, acabando finalmente na cuarta posición.

Pola súa parte, Alvaro Bravo participou no K-2 500 m., que acadou a final, rematando na novena posición. Tamén formou parte do K-4 1.000 m., que foi finalista e acadou a sétima posición.



OBRAS Y CONTRATAS

RIAS BAIXAS

www.riasbaixasnet.com

R/ País Vasco, 5 Baixo - 36980 O Grove (Pontevedra)
Tel: 986 732 195 - Fax: 986 735 027 - mail: construcciones@riasbaixasnet.com